



Música para escoitar e contemplar

O Consorcio de Santiago e Turismo de Santiago presentan a segunda edición do Festival de Músicas Contemplativas

Santiago de Compostela acolle entre o 3 e o 7 de abril o Festival de Músicas Contemplativas, un proxecto deseñado polo Consorcio de Santiago e promocionado dende Turismo de Santiago, orientado a abrir un proceso de acción cultural no patrimonio restaurado polo propio Consorcio. A través desta nova oferta musical preténdese ampliar a oferta cultural de Santiago durante a época de Semana Santa e captar a atención de visitantes e veciños da cidade. Non se trata só dunha política de recuperación física do patrimonio arquitectónico, senón de poñer en valor o seu legado cultural.

O Festival de Músicas Contemplativas desenvolverase nas igrexas de San Martiño Pinario, Universidade, Orfas, Ánimas, San Fiz de Solovio, Mercedarias, Orde Terceira de San Francisco e Santo Agostiño. En cada unha delas actuarán, respectivamente, **Gabriel Consort & Players**, **Ikhwan Al-hadra**, **Cuarteto da Real Filharmonía de Galicia**, **La Grande Chapelle**, **Ensemble Organum**, **Ex Cathedra Consort & Continuo**, **Choir and Studio for Spiritual Music Melódi e Hespèrion XXI**. Estes grupos proveñen de puntos tan distantes como Túnez, Francia, Reino Unido ou Belgrado.

Diferentes estilos musicais

Esta nova cita cultural nace como unha iniciativa estreitamente vencellada á Semana Santa, unha época de meditación que se vive con especial significación en Santiago de Compostela. A partir desta idea xorde un festival unido ás igrexas, pero no que os grandes protagonistas serán os diferentes estilos musicais, relacionados coa diferentes relixións e tradicións. Unha selección de música diversa que fai un percorrido polas obras mestras do Barroco e do Renacemento, a tradición espiritual magrebí, a relixiosidade de Haydn, a interpretación coral, a música medieval ou os repertorios de cantos bizantinos, serbios e rusos. Historia, cultura, música e patrimonio danse a man na Semana Santa xerando unha oferta que se complementa coas tradicionais procesións, impulsadas ano tras ano pola Xunta de Confrarías de Santiago.



Festival de Músicas Contemplativas

Música e patrimonio na Semana Santa de Compostela

3-7 de abril de 2007

3 de abril, 22.30 h.

Igrexa de San Martiño Pinarío
Gabrielí Consort & Players
Strawinski - Monteverdi

4 de abril, 22.30 h.

Igrexa da Universidade
Ikhwan Al-hadra
*Cantos de loa da tradición
sufí do Maghreb*

5 de abril, 20.30 h.

Igrexa das Orfas
**Cuarteto da Real Filharmonía
de Galicia**
*As sete últimas palabras de Cristo
Haydn*

5 de abril, 22.30 h.

Igrexa das Ánimas
La Grande Chapelle
Scarlatti, Nebra, Yanguas

6 de abril, 20.30 h.

Igrexa de San Fiz de Solovio
Ensemble Organum
*Canto Beneventino de
Adoración da Cruz*

6 de abril, 22.30 h.

Igrexa das Mercedarias
Ex Cathedra Consort & Continuo
Cantos do Barroco Latinoamericano

7 de abril, 20.30 h.

Orde Terceira de San Francisco
**Choir and Studio for Spiritual
Music Melódi**
*Cantos ortodoxos: bizantinos, serbios
e rusos*

7 de abril, 22.30 h.

Igrexa de Santo Agostiño
Hesperion XXI
*Peregrinaxes da alma
(Diálogo das músicas de
Oriente e Occidente)*



Martes, 3 de abril de 2007, 22:30 h. Igrexa de San Martiño Pinarío

A Misa de Stravinsky na grandiosidade de San Martiño Pinarío

O grupo musical **Gabrieli Consort & Players**, fundado por Paul MacCreesh, posúe un repertorio centrado no Renacemento e no Barroco. Agora chegan a Santiago coa *Misa*, de Igor Stravinsky, que será posta en escea no impresionante marco da igrexa de San Martiño Pinarío, de enormes dimensións e decorada cos retábulos barrocos máis grandes da cidade, a maioría deseñados polo mesmo autor da fachada do Obradoiro, Fernando de Casas e Novoa. Ademais, **Gabrieli** cantará unha selección de motetes de Claudio Monteverdi, composicións vocais nadas no século XIII e que foron creados para ser cantados nas igrexas a partires de textos sacados da Biblia.

Igrexa de San Martiño Pinarío



A igrexa de San Martiño Pinarío forma parte do convento do mesmo nome. Fundado no século X como cenobio beneditino, hoxe funciona como Seminario Maior da arquidiocese de Santiago e ademais alberga unha residencia universitaria e a facultade de Traballo Social. O conxunto monumental é de enormes dimensións e está considerado como o segundo mosteiro máis grande de España logo de El Escorial.

O templo data do século XVI e foi concibido por Mateo López como igrexa de grandes dimensións, cunha fachada-retábulo decorada con estatuas de santos e profetas e coroada por un frontón no que se representa a San Martiño de Tours no acto de compartir a súa capa cun mendigo. Á igrexa accedese por unha suxestiva escaleira, cunha estrutura oval e cunha rampla de subida e outra de baixada.

O Consorcio fixo traballos de recuperación no edificio en 1999 e 2001. Posteriormente, no 2003, realizáronse actuacións de mantemento, coa substitución de baixantes de augas pluviais e canalóns, reposición de gardacaños e limpeza da pedra da fachada. Froito dun convenio asinado en 2006, o Consorcio está a poñer en marcha na horta do convento un obradoiro de enlousado de pedra para formar aos primeiros técnicos na especialidade de restauración e mantemento dos enlousados de granito da cidade histórica de Santiago.



Mércores, 4 de abril, 22:30 h. Igrexa da Universidade

Un chamamento á fraternidade espiritual

Ikhwan Al-hadra (Os irmáns da presenza), dirixido por Fakhreddine Yacoubi, seguidor da Sulamiyya, está composto por algúns dos máis auténticos expoñentes da cultura musical popular de Túnez. A igrexa da Universidade acolle un concerto-ritual que reproduce o marco no que os cantos adoitan entonarse, xunto cos instrumentos tradicionais. As vestimentas e os obxectos rituais utilizados pertencen á tradición sufi e contribúen a manter viva a inspiración espiritual deste grupo de cantores.

As voces de **Ikhwan Al-hadra** resoan todo o ano, tanto con ocasión das festas públicas do calendario litúrxico como nas cerimonia privadas celebradas en familia. Fóra do seu propio contexto cultural e social, o grupo acepta a invitación para interpretar os seus cantos soamente en lugares rigorosamente seleccionados, a fin de poder preservar a autenticidade dunha expresión artística que é, en primeiro lugar, unha forma de meditación e de contemplación. O nome do grupo é un chamamento á fraternidade espiritual e á presenza divina evocada durante a ofrenda musical.

Igrexa da Universidade

A igrexa da Universidade, ou da Compañía, levántase ao carón da facultade de Xeografía e Historia, e foi construída como sé principal da Compañía de Xesús, no século XVII. Cando a orde foi expulsada de España, a finais do século XVIII, as imaxes da fachada, que representaban a San Ignacio de Loiola e a San Francisco Xavier, foron “decapitadas”, e as súas cabezas substituídas polas de San Pedro e San Paulo. Actualmente a igrexa pertence á Universidade e está adicada a sala de exposicións. No seu interior destaca o retábulo maior, barroco, proxectado por Simón Rodríguez, o mesmo arquitecto que deseñou a fachada de Santa Clara e a Igrexa de San Francisco.

Nos programas levados a cabo polo Consorcio de Santiago, con motivo da celebración do Quinto Centenario da Universidade en 1995, esta igrexa tivo un papel destacado xa que acolleu varias exposicións. Nela realizáronse obras de restauración na cuberta, campanario, fachada, paredes e teitos interiores, en diferentes fases (1998, 1999 e 2003).





Xoves, 5 de abril, 20:30 h. Igrexa das Orfas

O cuarteto de corda da Real Filharmonía de Galicia estréase con Haydn na igrexa das Orfas

A **Real Filharmonía de Galicia**, creada hai once anos, eríxese xa como o referente musical da cidade de Santiago. Con motivo desta segunda edición do Festival de Músicas Contemplativas, os seus catro principais de corda (James Dahlgren, concertino; Grigori Nedobora, principal de segundos violíns; Tilmann Kircher, viola principal e Plamen Velev, violoncello principal) únense formando un Cuarteto de Cámara que, no marco da igrexa barroca do Colexio das Orfas, interpreta *As sete últimas palabras de Cristo*, peza fundamental de Haydn que evoca toda a súa espiritualidade. O sermón das Sete Palabras, que en Santiago celébrase na tarde do Venres Santo na igrexa das Ánimas, recorda as frases que Xesús pronunciou na Cruz durante a súa agonía no Gólgota. Haydn puxo música a cada unha delas e sumou unha introducción musical e un final, o Terremoto, que recorda o tremor de terra que seguiu á morte de Cristo.



Igrexa das Orfas

Melchor de Velasco deseñou este templo, marcado pola súa sobriedade arquitectónica, a finais do século XVII cunha soa nave. Destaca o seu retábulo maior, con imaxes do afamado escultor compostelán Xosé Gambino. No exterior álzase o campanario, obra de Casas y Novoa, e que ten pequenas similitudes coa torre do Reloxio da Catedral.

A igrexa das Orfas precisou de diferentes obras de restauración para favorecer a súa conservación, traballos que foron acometidos polo Consorcio de Santiago nos anos 2002 e 2004.



Xoves, 5 de abril, 22:30 h. Igrexa das Ánimas

A música de Yangüas regresa a Santiago logo de 300 anos

A *Salve Regina*, de Antonio Yangüas, que fora mestre de capela da catedral de Santiago a comezos do século XVIII, volverá resoar na igrexa das Ánimas grazas ao grupo **La Grande Chapelle**. Este conxunto musical, dirixido por Àngel Recasens, é xa unha referencia, amplamente recoñecido pola súa vontade de recuperación do patrimonio musical español. Agora chega a Compostela cun repertorio centrado no século XVIII, con obras de Yangüas, Scarlatti e José de Nebra, o máis grande organista español da época.

Igrexa das Ánimas

A igrexa das Ánimas é o principal exemplo de neoclasicismo na cidade. Construída en 1784 destaca a súa orixinal concepción con capelas comunicadas entre sí e que representan nove estacións do Vía Crucis. Estes retábulos laterais foron realizados en estuco de xeso sobre ladrillo o que fai deles unha obra de carácter único en Compostela. Segundo a historia popular, serían os propios veciños que asistían a misa os que servirían de modelo para esculpir as diferentes figuras. Na fachada destaca un curioso relevo que representa as Almas no Purgatorio.

O Consorcio de Santiago realizou labores de mantemento das pinturas murais da igrexa no ano 2000, e no 2005 restaurou o órgano. No verán de 2006, o Consorcio asinou co Opificio delle Pietre Dure, de Florencia, un convenio de colaboración co que se iniciou un período de estudo sobre o estado de conservación dos retábulos, que servirá de punto de partida para a súa futura restauración.



Venres, 6 de abril, 20:30 h. Igrexa de San Fiz de Solovio

Oriente e Occidente mestúranse na igrexa de San Fiz

Desde hai 25 anos o grupo **Ensemble Organum** adícase á recuperación da música tradicional con repertorios centrados en manuscritos antigos e cantos da tradición oral. Nesta ocasión chegan a Santiago cun programa que recupera os cantos propios do Oficio da adoración da Cruz, estreitamente vencellados á liturxia do Venres Santo, procedentes de Benevento. Esta cidade do sur de Italia foi porta natural de contacto entre Oriente e Occidente, polo que nestes cantos intercálanse textos en latín e en grego. A través deles recóllese os ecos das primeiras lituxias cristiás procedentes de Xerusalén que se estenderon cara Occidente a través do Mediterráneo.

Igrexa de San Fiz de Solovio

A igrexa de San Fiz de Solovio está vencellada ao descubrimento do corpo do Apóstolo Santiago, xa que, segundo a tradición, neste lugar oraba o eremita Paio cando viu as luces que lle indicaban o lugar onde repousaban os restos do Apóstolo. No exterior destaca o campanario, construído en 1712 por Xosé Crespo, nunha tipoloxía que foi logo copiada noutras igrexas da cidade, como a de Santa María Salomé ou as Mercedarias. No tímpano da fachada consérvase un relevo medieval moi fermoso que representa a Adoración dos Magos.

O Consorcio de Santiago contribuíu á conservación desta igrexa con diversas actuacións realizadas en 1999 e que se centraron principalmente na recuperación da cuberta, moi danada polo paso do tempo.





Venres, 6 de abril, 22:30 h. Igrexa das Mercedarias

Cantos en quechua na igrexa das Mercedarias

O grupo británico **Ex Cathedra Consort & Continuo** será protagonista dun concerto singular na igrexa barroca do convento da Mercede. O repertorio baséase en cantos do barroco latinoamericano entre os que se inclúe unha peza anónima interpretada en lingua quechua, *Hanacpachap Cussicuinin*. Trátase dunha pintoresca secuencia de pregarías que mestura imaxes incas e cristiás con alusións ao ouro e á prata, á vida eterna, aos pérfidos xaguares e aos fracasos do díaño. O repertorio complétase con pezas musicais de Juan de Araujo e de Diego José de Salazar, do século XVII.

Igrexa do Convento da Mercede

O convento e igrexa da Mercede construíuse no século XVII por mandato do arcebispo Andrés Girón, sendo o arquitecto Diego de Romay. Está situado extramuros, fronte á porta de Mazarelos, a única que se conserva da antiga muralla. A fachada da igrexa está deseñada a modo de retábulo exterior, presidida por un fermoso relevo de Mateo de Prado no que se representa a Anunciación. A torre-campanario é copia das torres de San Fiz e Salomé.

O Consorcio de Santiago interviu nesta igrexa nos anos 1995, 1999 e 2003, centrándose na reparación de reixerías e carpinterías, así como actuacións na torre-campanario.

Sábado, 7 de abril, 20:30 h. Igrexa da Orde Terceira de San Francisco

Música tradicional ortodoxa na Orde Terceira

A riqueza dos cantos sacros ortodoxos encherán a pequena igrexa da Orde Terceira, adxacente ao impresionante convento de San Francisco, fundado, segundo a tradición, polo mesmo santo de Asís. Os encargados de interpretar este repertorio de cantos bizantinos, serbios e rusos, son os membros do **Choir and Studio for Spiritual Music Melódi**. Este coro de música sacra foi creado en 1991 no mosteiro da Presentación da Virxe, en Belgrado, para acompañar o oficio litúrxico todos os domingos e días festivos. O coro recibe o nome do seu santo patrón, San Romano o Melode, é dicir, o Cantor, un dos primeiros e máis grandes poetas da Igrexa Ortodoxa.

Igrexa da Orde Terceira de San Francisco

A pequena igrexa da Orde Terceira conserva no seu interior un valioso retábulo barroco dourado no que se conserva una imaxe da Virxe Dolorosa. De feito, o templo é a sé canónica da Confraria da Vera Cruz, que organiza a procesión da Última Cea, na tarde do Xoves Santo. Esta procesión, que data do século XVII, deixouse de celebrar durante moitos anos, e grazas ao apoio do Concello foi recuperada no ano 1993, saíndo a rúa cun fermoso paso do escultor compostelán Castor Lata.

O Consorcio levou a cabo traballos de restauración na capela no ano 2001 e consistiron na disposición dunhas pezas especiais para resolver o paso dos tirantes de aceiro inoxidable a través dos catro panos da cuberta.





Sábado, 7 de abril, 22:30 h. Igrexa de Santo Agostiño

Diálogo entre culturas en Santo Agostiño

O grupo musical **Hespèrion XXI** protagoniza un concerto ecléctico na igrexa de Santo Agostiño con pezas procedentes de diferentes puntos da cultura Mediterránea. Dende Andalucía e Marrocos, ata Turquía ou Irán, Rodas, Afganistán, Italia ou Bosnia. O proxecto leva por nome *Peregrinaxe da Alma. Diálogo das músicas de oriente e occidente*, e pretende facer unha visión completa da música medieval mediterránea, máis aló das diferencias relixiosas ou etnográficas, buscando máis o que une que o que separa.

A música protagonista nesta noite inspírase no afastado Oriente, que é de onde proceden os primeiros instrumentos de arco, que chegaron a Europa a partir da influencia de países islámicos.

Igrexa de Santo Agostiño

O templo de Santo Agostiño foi deseñado polo arquitecto Fernández Lechuga, en 1617. Sorprende na súa fachada unha das torres, incompleta, xa que foi destruída por un lóstrego en 1788. No seu interior consérvase a fermosa talla do Cristo Flaxelado, de Diego de Sande, imaxen titular da Confraría do mesmo nome, que procesiona na madrugada do Xoves Santo. Esta procesión, coñecida popularmente como "Os Caladiños", ten a particularidade de estar formada tan só por homes, moitos dos cales portan cruces e cadeas nos pés durante o percorrido polas rúas da zona vella.

O Consorcio realizou diferentes traballos de recuperación na igrexa en 1996 e 1999. No ano 2003 leváronse a cabo obras de restauración na torre da igrexa, a fin de mellorar a súa accesibilidade.

